

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica proporcionará ao alumnado coñecementos do mundo clásico que lles serán útiles para o coñecemento da cultura occidental e do seu entorno cultural.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A relixión. Cultos e crenzas. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	A relixión clásica. Os ritos e as festas relixiosas en Grecia e Roma. A relixión privada. O culto aos mortos. As principais divindades e os seus atributos. O mito das estacións.	11	13	X		X
2	A orixe clásica da lingua e da literatura. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	O indoeuropeo. As linguas romances. O latín e o grego no noso vocabulario. O alfabeto grego. As literaturas grega e romana. A orixe dos deuses. Apolo e Dafne. Venus, Vulcano e Marte.	12	12	X		X
3	A arte clásica: a arte eterna. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	A arquitectura e as ordes arquitectónicas clásicas. Os templos e a súa finalidade. A escultura grecorromana e a súa avolución. Cerámica, pintura e mosaico.	15	15	X		X
4	A muller e a familia. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	A función social da muller. Os rituais do matrimonio en Grecia e Roma. A vida cotiá da muller casada. A infancia e educación no mundo clásico. A orixe dos homes. Atenea e Aracne.	13	13		X	X
5	O mundo masculino. A vida social. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	O papel do home na sociedade antiga. A xornada dos varóns gregos e romanos. As ocupacións dos homes. A vestimenta masculina e o rol social. Os banquetes e as termas. Os deuses e deusas olímpicos. Características xerais. A deusa Diana.	12	12		X	X
6	Política e cidadanía. Orixes da democracia. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	A democracia ateniense. A polis grega e os seus cidadáns. A evolución do sistema político grego. Os amoríos de Zeus. Os sistemas de goberno en Roma. O cursus honorum. As dinastías imperiais.	11	12		X	X
7	Cidades antigas e modernas. O urbanismo. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	As cidades en Grecia e Roma. O crecemento das cidades. O edificios públicos e privados. As prazas públicas.	11	13			X
8	O ocio: xogos e espectáculos. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	As representacións teatrais e os actores. O edificio do teatro en Grecia e Roma. O circo e os ludi circenses. O anfiteatro. Os gladiadores.	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O ocio: xogos e espectáculos. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	Gladiator.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A relixión. Cultos e crenzas. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Coñecer o nome dos principais deuses grecolatinos	PE	60
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Coñecer os principais heroes e os seus mitos		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Coñecer as principais características da relixión romana		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Posta en común sobre as semellanzas e diferenzas das relixión clásica e as actuais	TI	40
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñecer e sabe explicar o mito nas manifestacións artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
2	A orixe clásica da lingua e da literatura. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina	PE	65
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Coñecer os principais heroes e os seus mitos		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Distinguir: étimo, cultismo e patrimonial Coñecer os cambios fonéticos do latín ao galego e castelán		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Utilizar a terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina en linguas romances e non romances		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Diferenciar os principais xéneros literarios grecolatinos Citar algún autor Relacionar a literatura clásica coa literatura europea		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Coñecer e identificar a evolución da escritura Identificar as similitudes entre os alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais	TI	35
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas Diferenciar as linguas europeas romances e non romances		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Saudar e preséntase en latín		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñecer os elementos clásicos nas manifestacións artísticas		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Identificar a presenza da mitoloxía nas manifestacións artísticas ao longo da historia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.

Contidos

- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.
- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Fórmulas básicas de saúde e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
3	A arte clásica: a arte eterna. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina	PE	85
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixe e funcións.	Coñecer os principais heroes e os seus mitos máis influentes nas artes		
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir as características fundamentais da arte clásica e identificar nas manifestacións artísticas actuais		
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Coñecer as características máis salientables da arquitectura grecorromana		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer as esculturas gregas e romanas máis representativas e identifica a súa temática		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Coñecer os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñecer a mitoloxía clásica nas manifestacións actuais		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñecer a influencia da civilización clásica	TI	15
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identificar as pegadas máis salientables de cultura clásica		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Identificar obras de arte con influencia clásica na contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	A muller e a familia. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os principais deuses grecolatinos	PE	90
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer os mitos e heroes grecolatinos e a súa influencia		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñecer as pegadas da arte, da sociedade e da política clásicas na actualidade		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñecer a influencia da mitoloxía nas representacións artísticas de todas as épocas		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Recoñecer as pegadas máis destacadas da historia de Grecia e Roma e da súa civilización na actualidade		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investigar as pegadas da civilización clásica na nosa contorna	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
5	O mundo masculino. A vida social. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer os heroes e os seus mitos máis coñecidos	PE	70
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir as clases sociais en Grecia e Roma		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer a familia e os papeis dos seus membros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñecer as características máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os principais deuses	TI	30
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Coñecer o ocio na Antigüidade e comparalo coa actualidade		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Coñecer as semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñecer nas manifestacións artísticas a perduración da mitoloxía		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
6	Política e cidadanía. Orixes da democracia. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e coñecer o marco histórico e as etapas das civilizacións grega e romana	PE	80
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Coñecer as principais características dos períodos da historia de Grecia e Roma e os seus principais protagonistas		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar as principais características da organización política das civilizacións grega e romana e establecer semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñecer os temas mitolóxicos nas manifestacións artísticas		
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describir os marcos xeográficos das civilizacións grega e romana	TI	20
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar nun mapa os enclaves relevantes das civilizacións grega e romana		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os deuses principais da mitoloxía grecolatina		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
7	Cidades antigas e modernas. O urbanismo. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os principais deuses grecolatinos.	PE	90
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas con outras culturas e os actuais.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Diferenciar as creacións urbanísticas romanas, a súa rede viaria e recoñecerlas na súa contorna.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Saber localizar o legado romano no patrimonio español e europeo.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.

UD	Título da UD	Duración
8	O ocio: xogos e espectáculos. Os clásicos e a actualidade. Mitoloxía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os principais deuses grecolatinos.	PE	90
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer os mitos e os heroes grecolatino e establecer semellanzas e diferenzas con outras culturas e os actuais.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Coñecer os espectáculos públicos da Antigüidade Clásica e relacionalos cos actuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Coñecer a perduración da mitoloxía na manifestacións artísticas	TI	10
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investigar sobre a perduración da civilización clásica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Cultura Clásica cúrsase por primeira vez en 3º ESO polo que o alumnado non adoita ter motios coñecementos previos. Por isto a metodoloxía que empregaremos será sobre todo explicación por parte da docente pero sempre contando coa intervención do alumnado e combinando outros métodos de ensino-aprendizaxe.

1. A docente abordará a explicación dunha UD propoñendo unha reflexión guiada por cuestións que permitan ao alumnado reflexionar e poñer en común as súas ideas, coñecementos... A explicación posterior enfocarase tendo en conta a reflexión feita polo alumnado e os seus coñecementos previos.
2. A aula invertida. No CA das UD que hai que investigar sobre o legado sempre que sexa posible empregaremos este método. O alumnado, sempre guiado pola docente, buscará a información, na casa ou aula de informática, e posteriormente resolveranse as dúbidas e realizarase unha posta en común.
3. Traballo por proxectos. Como vimos facendo dende hai anos, os alumnos traballarán nun proxecto de centro relacionado coa "SEMANA VERDE". O departamento de Latín fai a aportación ao tema elixido dende a perspectiva do mundo clásico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os materiais que empregaremos son variados de xeito que o alumnado perciba a conexión da materia coa realidade e non como un contido que aparece no libro de texto.

1. Libro de texto "Cultura Clásica", Santillana. Partimos do libro en cada UD, traballamos cos exercicios.
2. Aula virtual. Esta ferramenta servirá para publicar información interesante para o alumno: vídeos, imaxes e enlaces. Tamén se pedirán tarfas para entregar, información relacionada con proxectos e instrucións para traballos de investigación.
- O uso da Aula virtual é moi importante para que o alumno poida preguntar, no foro ou por privado, algunha dúbida e para facer un seguimento da a clase no caso de que non poida acudir de maneira presencial.
3. Traballo de investigación. Realizarase na Aula de informática, mínimo unha vez por trimestre, para traballar a

investigación do legado patrimonial grego e romano.

4. Enlaces que relacionan o mundo clásico coa actualidade: programa de radio "Verba volant", vídeos do Museo del Prado, a pintura e escultura do Museo del Prado (enlace interesantísimo pola súa calidade e porque permite acercar partes concretas da pintura para ver detalles e comentar)...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é importante para coñecer o tipo de alumnado e así organizar a forma de traballar para que se axuste ás necesidades; extenderase tres semanas durante as que docente e alumnado dialogan, resolven exercicios, cuestionarios que permitan coñecer as dificultades que poidan ter.

O método de traballo será a comunicación oral para aprender a conversar, respectar a quenda de xeito que o alumno exprese e comparta os seus coñecementos sobre a materia. Pola experiencia, sabemos que os coñecementos previos non adoitan ser moitos, porque son contidos que non forman parte dos currículos salvo historia de Grecia e Roma e pouco sobre mitoloxía. En consecuencia atenderase sobre todo a conceptos básicos sobre a cultura clásica e as carencias de expresión oral e escritas, para conseguir que as clase sexan dinámicas.

Obxectivos da avaliación inicial:

1. Coñecer as motivacións do alumnado.
2. Identificar o alumnado con necesidades específicas especiais
3. Identificar o alumnado repetidor.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	15	13	12	11	11	15	100
Proba escrita	60	65	85	90	70	80	90	90	79
Táboa de indicadores	40	35	15	10	30	20	10	10	21

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación será o resultado da suma das seguintes porcentaxes:

- Realizarase unha proba escrita que terá un valor do 70% da nota final.
- Ao longo do trimestre os alumnos realizarán dous exercicios que serán recollidos pola docente e que terán un valor dun 20% (cada exercicio 10%).
- A participación activa e correcta na aula sumará o 10% restante.

Dado que a cualificación da avaliación non leva decimais, poderá redondearse a unha nota superior a partir do 0.8, sempre que o alumno tivera unha participación activa na aula e realizase os traballos propostos.

Sempre se considerará positivamente a presentación ordenada e coidada do exercicio, a ortografía e a expresión escrita correctas. Descontarase da nota da proba escrita 0.2 por cada falta de ortografía ata un máximo de 1 punto e pola presentación ordenada, limpeza, marxes ata un máximo de 0.25.

Se un alumno é sorprendido copiando nunha proba escrita, inmediatamente perderá o dereito de continuar realizando a proba e a nota será 0 puntos. Poderá presentarse á recuperación na data que se fixe para todos os alumnos que teñan que realizala.

A nota final do alumnado obterase de acordo coa seguinte porcentaxe:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

Non é posible aprobar se nalgunha avaliación a nota é inferior a 4 puntos.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non chegue ao 5 nas avaliacións ao longo do curso terá que facer unha recuperación durante a seguinte avaliación.

O alumno que non teña superada alguna avaliación, incluso despois de ter realizada a recuperación correspondente, terá dereito a unha proba despois da terceira avaliación para conseguir aprobar a materia. A proba será das avaliacións que non estivesen superadas.

A proba terá un valor do 70%.

O 30% da nota final obterase coa entrega de dúas fichas que se realizarán na aula e servirán para facer un repaso da materia; deste xeito valoramos o traballo do alumno, resolvemos a posibles dúbidas que podan xurdir e facemos un seguimento do estudo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aos alumnos pendentes de Cultura Clásica 3^o ESO entregaráselles dous cadernos de exercicios con cuestións relacionadas co currículo da materia. O primeiro caderno deberá estar rematado en novembro e o segundo en febreiro para ser corrixido e cualificado polo profesor; se o alumno alcanza os mínimos esixibles será cualificado positivamente e non será necesario que realice o exame final. No caso de non aprobar algunha das partes ou ningunha deberá facer a proba de maio coas partes suspensas.

O horario de atención a pendentes, no caso de que o alumnado teña dúbidas, será nos recreos en que a profesora non teña gardas, avisando o alumno previamente a profesora.

6. Medidas de atención á diversidade

Ordinarias:

1. O reforzo educativo.
2. A optatividade.
3. A orientación educativa e a integración escolar.

Na aula tamén se atenderá ás dificultades que poida presentar cada alumno e ao seu ritmo de aprendizaxe. Trataremos estes aspectos con exercicios de reforzo no momento que sexa preciso e sempre asesoradas polo departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresaria				X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.				X	X	X		
ET.8 - A creatividade.		X	X					

Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na segunda avaliación, mediante a elaboración dun proxecto incluído na "Semana Verde".
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas UD 4, 5 e 6, nos que se estudiará a sociedade, a política e historia de Grecia e Roma.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto do mundo clásico e a súa relación coa actualidade estará presente a través das reflexións da persoa discente.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia. Fomentárase a creatividade en todas as UD pero especialmente nas UD 2 e 3 por conter unha temática artística e todos os apartados dedicados á mitoloxía.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha representación teatral	Sempre é interesante acostumar ao alumnado a asistir ao teatro para disfrutar de obras clásicas e aprender todos os valores vixentes que transmite a traxedia grega ou rir cos comedias gregas e latinas, que nos dan unha visión diferente da realidade da época (visión crítica e cómica).		X	
Visita á biblioteca do centro	É importante que o alumnado lea e un xeito de acercamento é a visita á biblioteca para que coñezan as obras das que dispoñemos e outros recurso como películas. Vincularemos a visita a conmemoracións cuxa temática se poida vincular con mundo clásico: o día das escritoras, o mes da poesía...	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Centro de Interpretación de Caldoval-Mugardos	Para achegar o mundo romano ao alumnado é moi interesante aproveitar o legado que temos na nosa contorna, neste caso unha "villa a mare" en Murgardos. Consta dun museo e actividades relacionadas co mundo romano.		X	
Circuito matemático	O departamento de Latín sempre colabora nesta proba que se celebra o último día de clase antes das vacacións de Nadal. Colaboramos cunha proba relacionada coa temática proposta cada curso.	X		

Observacións:

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade que se intentará organizar na comarca sempre que se represente unha obra clásica ou ben asistindo ao festival de teatro que presenta a SEEC de Galicia no segundo trimestre.

A visita á biblioteca do centro estará vinculada ás actividades de promoción da lectura da biblioteca.

Visita ao Centro de Interpretación de Caldoval- Mugardos.

O departamento de Latín sempre colabora nesta proba que se celebra o último día de clase antes das vacacións de Nadal. Colaboramos cunha proba relacionada coa temática proposta cada curso e que se vincula á civilización clásica.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado
Medidas de atención á diversidade
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados